

ACTA DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA VALORAR O 1.º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A SELECCIÓN POR CONCURSO OPOSICIÓN DUN MÁXIMO DE 2 PRAZAS DE XEFE DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRAINCEDIOS FORESTAIS

En Melide, a 13 de xuño de 2024, ás 9.30 horas, reúnense baixo a presidencia de Xosé Manuel Tomé Fernández, os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora para valorar o 1.º exercicio da fase de oposición para a selección por concurso oposición dun máximo de 2 prazas de xefe da brigada de prevención e defensa contraincendios forestais.

Presidente: Xosé Manuel Tomé Fernández
Secretario: Jesús Manuel Cea Vázquez
Vogais: Guadalupe Vázquez Ascariz
Mª José Rodríguez Gómez
Joaquín Vázquez Rodríguez



O presidente declara constituída a Comisión Seleccionadora e aberto o acto acórdase proceder á valoración do 1.º exercicio da fase de oposición. Á vista das bases da convocatoria formula a seguinte puntuación:

Nº	NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN
1	ARTURO MARTÍNEZ PINTOR	16
2	SANTIAGO DAPARTE VILLANUEVA	17

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, convócase á Comisión Seleccionadora e aos aspirantes para **ás 10.00 h. do luns día 17/06/2024 para a realización do 2.º exercicio da fase de oposición na casa do Concello de Melide**, dispoñendo o presidente que se redacte a presente acta que asinan os membros da Comisión Seleccionadora sendo as 10.00 h, do que eu, SECRETARIO, certifico.

Melide, 13 de xuño de 2024

A Comisión Seleccionadora





ANEXO

1º EXERCICIO FASE DE OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE XEFE DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O CONCELLO DE MELIDE

NOME: _____

APELIDOS: _____

DATA: _____

1.- Cantas parroquias forman o Concello de Melide?

- a) 15
- c) 26**
- d) 40

2.- Cantos distritos forestais forman a CC.AA de Galicia?

- a) 17
- b) 19**
- c) 10

3.- O Concello de Melide forma parte do Distrito:

- a) I
- b) II
- c) III**

4.- En relación cos factores que inflúen na propagación dos lumes, a que factor ou fenómeno nos referimos cando falamos dos ventos que se producen entre dúas ladeiras enfrontadas unidas pola base?:

- a) Ventos de ladeira ascendente (día).
- b) Ventos do val (efecto cheminea).**
- c) Ventos de ladeira descendente (noite).

5.- Que especies son máis combustibles no caso de propagación de incendios:

- a) Higrófilas
- b) Ripícolas
- c) Pirófitas**

6.- Unha columna de fume vertical e recta indica:

- a) Vento forte en superficie
- b) Que se trata dunha queima
- c) Ausencia de vento**

7.- Que se entende por queima de ensanche:

- a) Unha plantilla anticalórica
- b) A queima da vía principal dunha zona acoutada.
- c) Unha operación para completar a eficacia da liña de defensa recorrendo ao uso do lume**

8.- A propagación da calor prodúcese por:

- a) Condución.
- b) Convección-radiación-condución**
- c) Son certas A e C.

9.- Cal dos seguintes ataques non é propio do ataque directo?

- a) Ataque con auga
- b) Ataque con batelumes
- c) **Contralume**

10.- Que punto de vixilancia se atopa no Concello de Melide:

- a) Coto dos Codesás
- b) Pena Fesa
- c) **Coto do Pilar**

11.- Como deben ser os mensaxes por radio?

- a) **Claros, concretos e cortos**
- b) Concretos, claros e baixos
- c) Altos

12.- A probabilidade que unha pavesa ó caer sobre mato poida inflamalo, chámase?

- a) Probabilidade de propagación
- b) **Probabilidade de ignición**
- c) Probabilidade de multiplicación

13.- Cal é a Lei de Montes de Galicia?

- a) Lei 3/2007
- b) Lei 43/2003
- c) **Lei 7/2012**

14.- A aplicación dun contralume sempre debe ser ordenada por:

- a) O Alcalde.
- b) O axente do medio natural.
- c) **O director de extinción.**

15.- Como se denomina o plan de incendios forestais de Galicia?

- a) PINFOCA
- b) FOGA
- c) **PLADIGA**

16.- O efecto Foehn, a nivel Galicia, son ventos de

- a) S e SE
- b) S e E
- c) **NE**

17.- Que parroquia de Melide limita co Concello de Sobrado?

- a) Vilamor
- b) **Folladela**
- c) Maceda

18.- En que parroquia se atopa a praia fluvial de Melide?

- a) **Furelos**
- b) Santa María
- c) Piñor

RESERVA:

1.- A estrada que une Santiago con Lugo e que pasa por Melide, chámase?

- a) **N-547**
- b) N-840
- c) AC-840



